

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36017582	EEl de Aios	Sanxenxo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	12
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	16

1. Introducción

* A Declaración Universal dos Dereitos humanos de 1948, recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias a elixir o tipo de educación que haberá de darse os seus fillos (art. 26). Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 (art. 13) e a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000 (art. 14).

* A Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada por Nacións Unidas en 1989, recoñecendo así o interese superior do menor, o seu dereito a educación e a obriga que ten o Estado de asegurar o cumprimento efectivo dos seus dereitos. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español.

* A Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido a liberdade relixiosa (art. 16) e o dereito a educación (art. 27).

* Ley Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

* Real Decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil.

* Resolución do 21 de xuño de 2022, da Secretaría de Estado de Educación, pola que se publican os currículos das ensinanzas de relixión católica correspondentes a Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundario Obligatoria e Bacharelato.

Esta programación está garantida pola ley deducativa vixente (LOMLOE), que determina os elementos que forman parte do currículo de Relixión Católica que a Conferencia Episcopal Española determinou para o 2º ciclo da Educación Infantil.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.					1	1		
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.						1	1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.							1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1					1		
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.	1							1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Gústanos a natureza	Expresamos que a natureza e un don do que podemos disfrutar en familia. O relato da arca de Noé transmítenos a alianza que Deus fai coas persoas e coa natureza de amarnos e coidarnos sempre. O arco da vella recórdanos esta mensaxe. As actitudes que pretendemos suncitar son o coidado e respecto da natureza e a admiración da beleza das paisaxes.	6	X		
2	O Belén	Para coñecer o motivo central das festas do Nadal, que Xesús naceu en Belén, que é amigo de todos e que nos ama, partimos da experiencia de montar na clase un Belén de plastilina. O relato evanxélico do nacemento de Xesús, incluíndo a adoración dos pastores e os Reis Magos, é o contido principal de aprendizaxe. Del derívanse as actitudes de festa, participación, colaboración e xenerosidade. Cos vilancicos crearemos un ambiente de ledicia e felicidade para a celebración destas festas.	8	X		
3	Coidamos o noso corpo	Partimos da observación da experiencia do coidado do propio corpo para promover a confianza e o desenrolo das súas posibilidades persoales. As persoas coidamos o noso propio corpo para axudar os demais, como nos ensina Xesús na parábola do bo samaritano. Lles propondremos o aprendizaxe da oración do Painoso.	5		X	

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Coidamos o noso corpo	Tratamos de sensibilizalos para que axuden as persoas do seu entorno que teñan algún problema físico.	5		X	
4	Xesús vive	Tamén tratamos de suscitar actitudes de agradecemento pola súa presenza sempre amorosa.	6		X	
5	A Virxe María, mamá de todos	A experiencia que teñen os nenos do cariño que teñen as nais por todos os seus fillos servenos de base para transmitir o contido relixioso de que a Virxe María é nai de todos. O texto evanxélico da visitación de María a súa curmá Isabel suscita actitudes de axuda e respecto, especialmente hacia os pais. O recordo e memorización do Avemaría resume a expresión da fe en María.	5			X
6	A Igrexa	Aprenderemos que a Igrexa vai axudándolles a crecer. No relato evanxélico van coñecer que Xesús tamén crecía en estatura, sabiduría e gracia de Deus. E lles motivaremos a colaborar e axudar os demais como o facía Xesús.	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Gústanos a natureza	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	É autónomo para facer algunha atcividades cotiás básicas.	TI
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando produtos artísticos.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas.

UD	Título da UD	Duración
2	O Belén	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Coñece algunhas actitudes cristiáns de relación na familia e na escola	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
3	Coidamos o noso corpo	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Recoñece situacións nas que usar as palabras grazas e por favor	TI
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Amosa interese pola materia e respecta os momentos de xogo, e de narracións	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Recoñece actitudes pacíficas baseadas nalgún relato bíblico.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación.
- O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus.
- A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo.
- Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores.
- Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira.
- Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón.
- Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais.
- Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá.
- Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais.
- Valoración das relacións sociais, en especial da amizade.
- Presentación de diversos relatos bíblicos que reflectan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados.
- Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

UD	Título da UD	Duración
4	Xesús vive	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Amosa afecto polos seus compañeiros e a súa familia e pide axuda cando a precisa	TI
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Recoñece o valor do perdón no relato da Paixón de Xesús.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...)	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	É quen de recoñecer o relato do nacemento de Xesús	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta ás diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús. - Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

UD	Título da UD	Duración
5	A Virxe María, mamá de todos	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	É quen de contar algunha experiencia propia relacionada coa Igrexa (bautizo, eucaristía, Nadal...)	TI
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Coñece algunha manifestación artística relacionada co cristianismo (pintura, escultura, arquitectura...)	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Identidade cristiá e contorna social. - Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá. - Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas. - A figura da Virxe María.

UD	Título da UD	Duración
6	A Igrexa	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	É de quen de escoitar e agradecer nas súas relacións sociais.	TI
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer na figura de Xesús as actitudes máis axeitadas para a convivencia pacífica	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Disfruta elaborando producións artísticas (pintura, escultura e arquitectura...)	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubríndoo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	É quen de estar en silencio durante breves reflexións guiadas	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Coñece algunha canción ou oración das aprendidas	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversas linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Recoñece imaxes de algúns elementos relixiosos propios do cristianismo	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Amosa ledicia pola celebración do nacemento de Xesús	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respecta as diferentes formas de celebrar o nacemento de Xesús	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Aprecio do silencio e a calma como ferramentas para a identificación de emocións e sentimentos. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empa-tía. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - A vida cristiá en comunidade. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva. - Identidade cristiá e contorna social. - As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social. - A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos. - A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os planteamentos metodolóxicos desta área fundaméntanse, globalmente, na atención personalizado o alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; nas experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, baseadas na experimentación, no coidado do desenvolvemento afectivo e cognitivo do alumnado respetando seu ritmo evolutivo; no aprendizaxe individualizado e cooperativo: na relación dos aprendizaxes co entorno, nun enfoque competencial orientado a acción, o emprendemento e maneira incrementase a motivación, o compromiso co seu aprendizaxe. Por ello, xunto a atención persoal e as orientacións do profesorado, propónse a realización de tarefas e accións en grupos heteroxéneos promovendo a colaboración, non a competitividade, para desenvolver hábitos de traballo en equipo na aula que anticipan a vida en entornos diversos. Este aprendizaxe cooperativo contribúe a motivar e manter a atención do alumnado e desenvolla súa autonomía persoal. En concreto, a área de Relixión Católica propón valores de autonomía e liberdade persoal e coidado de outros. Entre outros recursos para esta metodoloxía podese aplicar na aula técnicas de traballo cooperativo formal e informal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Biblia infantil
Materiais funxibles para producións artísticas (ceras de cores, lápices, témperas, papeis de cores, rotuladores...)
Monicreques
Paracaídas
Mandalas
Materiais audiovisuais
Murais
Imaxes de cadros, esculturas ou edificios relacionados co cristianismo.

Os materiais para producións artísticas, os xogos e outros elementos lúdicos usaranse para provocar a resposta creativa do alumnado perante as situacións de aprendizaxe propostas, para facilitar a autoexploración interior, o recoñecemento de distintas emocións e como canalizalas e a relación entre as actividades cooperativas e o grao de satisfacción persoal.

Os materiais audiovisuais que se utilizan son curtametraxes, contos ou fábulas, vídeos ou audicións de rutinas de interiorización guiadas.

Os monicreques representan a personaxes bíblicos para contar as narracións das que son protagonistas, ou personaxes dos contos que se usan cunha finalidade pedagóxica.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Consideramos a avaliación inicial como un elemento que serve o profesor para axustar a súa actuación no proceso de ensinanza aprendizaxe, orientando e reforzándoo nos contidos e actitudes que esten insuficientemente adquiridos polos nenos.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

A avaliación en Educación Infantil será global, continua e formativa e levarase a cabo de xeito sistemático.

Os criterios na Educación infantil pretenden ser para o profesor algúns indicadores na avaliación continua e observación do alumnado co fin de reconducir o seu propio aprendizaxe. O criterio esencial é coñecer ao neno ou nena e axudarlle no seu crecemento.

Farase a partir da análise das producións do alumnado, as escalas de valoración ou cotexo, e a observación directa e sistemática, observando as condutas e os comportamentos dos nenos e nenas, as relacións que establecen cos seus iguais e os procesos de ensino e aprendizaxe.

Como en todas as áreas de Ed. Infantil, na avaliación valórase sobre todo o progreso e o grao de consecución dos obxectivos, así como o interese do alumnado.

Criterios de recuperación:

En calquera clase de educación infantil hai alumnos e alumnas con diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe e diferentes niveis de motivación.

A diversidade de actividades, materiais e estratexias utilizados posibilita que todo o alumnado poida atopar algún que estea de acordo co seu estilo e ritmo de aprendizaxe.

Algunhas destas actividades actúan como unha extensión para aqueles alumnos sen dificultades, e outras ofrecen un reforzo para aqueles que necesitan máis apoio. O obxectivo de que todo alumno/a participe no proceso de aprendizaxe con plena satisfacción e acade o éxito de acordo ao seu nivel de capacidade e interese.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención educativa á diversidade é o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Ten como finalidade favorecer ao desenvolvemento persoal e social de cada un dos alumnos e alumnas e o seu potencial de aprendizaxe facilitándolles a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos.

Ríxese polos principios de normalización e inclusión, equidade e igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción de convivencia.

- O primeiro paso será identificar o tipo de dificultades que ten un alumno ou alumna xa que poden deberse a dificultades

específicas, problemas emotivo - relacionais e/ou de conduta, altas capacidades intelectuais ou condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorable.

- Porase especial coidado en formar grupos heteroxéneos no traballo colaborativo que favorezan a inclusión de todo o alumnado.

- Favorecer a aprendizaxe con materiais manipulativos que poidan facilitar o desenvolvemento dos alumnos e alumnas.

- Fomentar a mellora do autoconcepto e a autoestima, aprendendo a reflexionar sobre si mesmos.

- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

-Reforzar os logros, por pequenos que sexan, para motivar os/as alumnos/as nas aprendizaxes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Educación en valores, respeto mutuo, a empatía.		X	X			
ET.2 - A igualdade e a liberdade	X		X		X	
ET.3 - Educación para a saúde	X		X			
ET.4 - Educación para a sustentabilidade e a ecoloxía	X					
ET.5 - Educación para o consumo responsable	X					X
ET.6 - Educación para a solidariedade e o rechazo a cualquier tipo de violencia	X	X	X	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
A nosa horta	Visitaremos a horta escolar alomenos tres veces durante o curso, unha cando as prantas están recién prantadas , outra cando empezan a medrar e outra cando xa son visibles os produtos cultivados.	X		
Nos somos solidarios	Faremos fotos en distintos espazos do colexio que logo se exporán como aportación aos proxectos solidarios que se fagan no colexio.	X		
Día da Paz	O alumnado deste nivel participará nas actividades propostas dende a biblioteca escolar ou dende oo equipo de aextraescolares para festexar o día 30 de xaneiro.		X	
Día das familias acolledoras	Oa das familias acolledoras (31 de maio) participaremos nun contacontos sobre esta medida de protección do menor.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Creo materiais didácticos para apoiar o aprendizaxe.
Emprego técnicas e instrumentos de avaliación variados que orienten o alumnado para o seu desenvolvemento.

Metodoloxía empregada
Utilizo a avaliación para favorecer a aprendizaxe.
Realizo formación para mellorar como profesional máis alá da que me proporciona e suxire o centro.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Aplico diversas metodoloxías para promover o aprendizaxe activo.
Realizo actividades baseadas no aprendizaxe cooperativo.
Adapto as actividades a diversidade da aula.
Medidas de atención á diversidade
Fomento a autoavaliación e a coavaliación.
Reflexiono sobre o meu exercicio docente establecendo puntos febles e fortes.
Clima de traballo na aula
Vínculo o aprendizaxe ca vida real.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Potencio a participación dos alumnos na aula.
Outros
Realizo a miña programación de aula de forma coherente e meditada.

Descrición:

O proceso de ensinanza-aprendizaxe require un seguemento continuo dos seus avances co obxectivo de detectar a tempo aquelas iniciativas ou metodoloxías que non están tendo o resultado desexado e correxir aqueles fallos ou erros que se atopan. A avaliación da práctica docente e un proceso para mellorar o desempeño da súa labor e garantir que se alcanzan os obxetivos educativos que marcouse o centro educativo..

É, ademais unha das labores inherentes a educación: os docentes deben dar seguemento non só do aprendizaxe que logran cos alumnos, senon tamén da efectividade dos procesos de ensinanza que poñen en práctica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada trimestralmente. Como instrumento de avaliación empregaremos un cadro no que se reflicten diferentes aspectos:

-Motivación inicial e durante todo o proceso do alumnado.

-Presentación dos contenidos.

-Recursos e organización.

-Clima da aula.

-Seguimento/control de ensino/aprendizaxe.

-Diversidade.

Como propostas de mellora destacamos a optimización dos tempos nas sesións. Dificulta os desprazamentos do alumnado de infantil, especialmente en 3 anos e reduce de xeito significativo a duración das sesións, e mais aínda cando chove.

.-Programar as tarefas e actividades das unidades didácticas tendo máis en conta as pausas lectivas.

9. Outros apartados